

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 21 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se ditan normas para a avaliación do programa de formación inicial que están a realizar os directores en prácticas dos centros docentes públicos.*

Por Orde do 26 de abril de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de maio) convocouse concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en que se imparten ensinanzas escolares.

No punto sétimo da citada orde establécese que os candidatos seleccionados que non teñan a categoría de director deberán superar un programa de formación inicial, organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, incluíndo un curso teórico de formación e un período de prácticas, tutelado e avaliado pola Inspección educativa, que rematará coa presentación dunha memoria de resolución de casos prácticos.

O curso de formación estase a realizar nos centros de formación e recursos. Este curso, ademais dunha parte teórica ten unha compoñente práctica, polo que procede considerar que aqueles directores que superen o curso teñen superado todo o programa de formación inicial, incluíndo o curso teórico e o período de prácticas.

Por outra parte é necesario desenvolver o punto sétimo da Orde do 26 de abril de 2004 determinando o órgano competente para elaborar os casos prácticos que se mencionan.

Na súa virtude, esta dirección xeral

### *DISPÓN:*

Primeiro.-Os funcionarios nomeados directores en prácticas dun centro docente público en que se imparten ensinanzas escolares que estean realizando o curso de formación organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través dos centros de formación e recursos, terán superado o programa de formación inicial previsto no punto sétimo da Orde do 26 de abril de 2004, cando se lles expida o correspondente certificado do curso.

Segundo.-A Subdirección Xeral de Inspección Educativa elaborará unha serie de supostos prácticos que deberán resolver durante o mes de marzo aqueles directores en prácticas que estando acreditados para o exercicio da dirección non estean realizando o curso de formación a que se fai referencia no punto anterior.

Terceiro.-A resolución dos casos prácticos será remitida polos interesados ao inspector-xefe provincial antes do 31 de marzo de 2005.

Cuarto.-Os casos prácticos serán avaliados por unha comisión da que formarán parte o inspector-xe-

fe provincial e dous inspectores designados polo delegado provincial.

Esta comisión estará incluída, para os efectos que prevé o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de xuño), dentro da categoría primeira.

Quinto.-O delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a nomear directores, por un período de tres anos, con efectividade do 1 de xullo de 2005, a aqueles directores en prácticas que obteñan o certificado de ter realizado o curso de formación previsto no apartado 2 do punto sétimo da Orde do 26 de abril de 2004 e aos que superen os supostos prácticos aos que fai referencia o punto segundo desta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2005.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE PONTEVEDRA

*Edicto (439/2004-B).*

En Pontevedra o vinte e catro de xaneiro de dous mil cinco.

No procedemento de referencia ditouse a resolución co encabezamento e decisión do teor literal seguinte:

«Sentenza: 146/2004.

Na cidade de Pontevedra o trinta de novembro de dous mil catro.

Vistos por min, María Ángeles González de los Santos, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un dos de Pontevedra, as presentes actuacións de xuízo verbal desafiuzamento tramitados co número 439/04-B, no que interviñeron como demandante *Inmobiliaria San Fernando, S.A.*, representada pola procuradora Fernández Nazar e defendida polo letrado Jesús Serén Rosal e como demandado *Telerede, Centro de Atención Telefónica, S.L.*, en virtude das seguintes consideracións declárase...

Decido: que estimando a demanda interposta pola procuradora Montserrat Fernández Nazar, en nome e representación de *Inmobiliaria San Fernando, S.A.*, contra *Telerede, Centro de Atención Telefónica, S.L.*, en situación procesual de rebeldía, debo declarar e declaro resoltos os contratos de arrendamento de datas 1 de agosto de 2003 e 1 de outubro de 2003,